

V CONCURSO DE CURTAS E DOCUMENTAIS SOCIAIS DIVERSIMACINE (FESTIVAL DIVERSIDARTE 2022)

Asociación Poten100mos
Rúa/ Antón Vilar Ponte 9, Baixo
15005, A Coruña
Tel: (0034) 625 126 235
www.poten100mos.org
diversimacine2020@poten100mos.org

BASES DO CONCURSO

1. A participación no **Concurso de Curtas e Documentais** está aberta a tód@l@s realizador@s maiores de 16 anos, tanto de forma individual coma colectiva, sen distinción de nacionalidade, nin residencia.
2. **Datas de inscrición:** dende o **18 de Marzo ao 1 de Xullo de 2022**, ambos inclusive.
3. **Valoraranse especialmente aquelas curtametraxes en lingua galega e/ou realizados en Galicia.**
4. **Preselección.** Pra poder ser preseleccionadas, as obras han de cumprir os seguintes requisitos:
 - As películas poden ser silenciosas ou sonoras. Se teñen son, todas as obras que nos sexán en galego ou castelán deberán estar subtituladas en galego ou castelán. **IMPORTANTE:** Toda obra **seleccionada** debera entón, subtitularse ao galego ou castelán (facéndoas accesibles a persoas xordas ou con diversidade funcional auditiva).
 - A duración máxima das curtas será de 30 minutos.
 - Só se admitirán **traballos realizados dende 2020 a 2022**, ambos incluídos.
 - Pódense presentar, coma máximo, dúas curtametraxes por autor.
 - As obras deberán estar correctamente identificadas pra ser preseleccionadas (ver en formas de envío).
 - Os autores teñen que ostentar tódolos dereitos de exhibición e promoción das obras e do material que presenten.
 - As películas deben tratar **temáticas sociais**, que afecten, exclusivamente, aos **seguintes colectivos:**
 - ❖ **Persoas con diversidade funcional (física, intelectual, psíquica e/ou sensorial).**
 - ❖ **Migrantes.**
 - ❖ **Minorías étnicas.**
 - ❖ **Persoas monoparentais con fillo/os ao cargo.**
 - ❖ **Persoas sen fogar ou afectadas por temas de vivenda.**
 - ❖ **Vítimas de discriminación, por razón de orientación sexual ou identidade de xénero**
 - ❖ **Solicitantes de asilo.**
 - ❖ **Persoas con problemas de adicción.**
 - ❖ **Nenos ou novos afectados por acoso escolar (bullying).**
 - ❖ **Desempregados de longa duración, menores de 25 anos ou maiores de 55.**

Preelección: o equipo de DiversimaCine seleccionará un número determinado de obras que se proxectarán en dos pases

5. **Votación do público.** A organización preseleccionará un número determinado de documentais e curtametraxes de ficción que se proxectarán, en dous pases, diferentes días, nunha sala aberta ó público. Os asistentes votarán, elixindo os mellores documentais e as mellores películas de ficción, que pasarán a ser deliberadas polo Xurado.

6. **Xurado.** O xurado elixirá entre as obras máis votadas polo público, ao mellor documental e á mellor curtametraxe de ficción, o **premio está dotado con 350 €** por cada categoría (premios patrocinados por **GADISA**)
7. **O Xurado** estará composto por relevantes figuras da cultura, o cinema e o sector social. A súa decisión será inapelable.
8. **Os concursantes** responsabilízanse de que as curtametraxes presentadas non estean sometidos a ningunha reclamación legal.
9. **Os participantes** cederán os dereitos de emisión ao Festival DiversidArte, para fins educativos e non lucrativos.
10. **As dúas obras gañadoras** (premiadas) proxectaranse nunha gala final en o VII DiversidArte, Festival das Artes Inclusivas en **setembro de 2022**, á que deberán asistir o autor, o seu representante ou, no seu defecto, enviar un vídeo de agradecemento, pra poder proxectalo na cerimonia de entrega de premios.
11. **A comunicación** aos participantes das obras seleccionadas farase mediante teléfono ou correo electrónico antes do 27 de xullo do 2022. Paralelamente, publicarase dita selección nas redes sociais de DiversidArte e na páxina web da Asociación www.poten100mos.org
12. **Formas de envío:**
- **Por e-mail:** diversimacine@poten100mos.org a través de Wetransfer ou mediante Vimeo ou Youtube (con contrasinal e opción de descarga activada) do seguinte modo:
 - Os arquivos de vídeo deberán ter un tamaño máximo de 8GB.
 - É imprescindible que veñan subtítulados en castelán ou en galego.
 - Os arquivos deberán ter extensión MOV, AVI, MP4 ou MPEG (codec H264).
 - **On- line, pola plataforma Filmfreeway:**
 - En caso de enviar entradas que non conteñan subtítulos en español ou en galego, deberán reenviar o curto subtítulado, ben por e-mail ou por correo certificado.
 - No caso de que non conteñan o mínimo de información requirido (ver punto 13) sobre a obra e o autor, han de enviala aparte, por e-mail a diversimacine@poten100mos.org , para ser preseleccionadas.
 - **Por correo certificado:** en formato DVD ou pendrive, correndo a cargo do concursante o envío, á seguinte dirección:
“Asociación Poten100mos”, Rúa/ Antón Vilar Ponte, 9 Baixo, A Coruña, 15005
13. **Información obrigatoria.** Calquera que sexa a forma de envío (email, Filmfreeway ou correo ordinario) é obrigatorio que conteña a seguinte información:
- **Datos da obra:** especificar se accede ao premio de Documental ou Curta de ficción; título da curtametraxe, portada da obra, sinopse, ficha técnica e artística, e breve descrición sobre a realidade que se quere plasmar.
 - **Datos do autor/autora:** nome, fotocopia de DNI, NIE ou pasaporte, teléfono, dirección, email, pequeno currículo e lugar de residencia.
14. A participación neste Certame leva implícita a aceptación das súas bases.